

## A ameaza da bibliografía rosaliana no centenario

**Andrés Pociña**

### Formas de citación recomendadas

#### 1 | Por referencia a esta publicación electrónica\*

POCIÑA, ANDRÉS (2011 [1985]). “A ameaza da bibliografía rosaliana no centenario”. *Dorna*: 9, 149-153. Reedición en *poesiagalega.org*. *Arquivo de poéticas contemporáneas na cultura*.  
<<http://www.poesiagalega.org/arquivo/ficha/f/37>>.

#### 2 | Por referencia á publicación orixinal

POCIÑA, ANDRÉS (1985). “A ameaza da bibliografía rosaliana no centenario”. *Dorna*: 9, 149-153.

\* Edición dispoñíbel desde o 25 de febreiro de 2011 a partir dalgunha das tres vías seguintes: 1) arquivo facilitado polo autor/a ou editor/a, 2) documento existente en repositorios institucionais de acceso público, 3) copia dixitalizada polo equipo de *poesiagalega.org* coas autorizacións pertinentes cando así o demanda a lexislación sobre dereitos de autor. En relación coa primeira alternativa, podería haber diferenzas, xurdidas xa durante o proceso de edición orixinal, entre este texto en pdf e o realmente publicado no seu día. O GAAP e o equipo do proxecto agradecen a colaboración de autores e editores.

## A AMEAZA DA BIBLIOGRAFIA ROSALIANA NO CENTENARIO

*Andrés Pociña*

(Universidade de Granada)

Na primeira sesión de comunicacións do “Congreso Internacional Rosalía de Castro e o seu tempo”, tida en Compostela o 15 de xullo pasado, falaba eu dos aspectos senlleiros da bibliografía rosaliana, baseándome nunha análise dos cento vinte anos da historia das publicacións tocantes a Rosalía, a súa vida, a súa obra. Para rematar, lembrei alí o que chamo “a ameaza bibliográfica do Centenario”, con estas verbas: “É moitísimo o que imos publicar este ano a propósito de Rosalía, co gallo do Centenario do pasamento. Calquera cousa que se escriba este ano, mesmo o mero tópico, valerá a pena. A mesma lista das comunicacións a este Congreso (///) fai supor que este vai ser un ano irrepetible na investigación tocante á nosa autora. Un duro traballo albíscase: o de separar nos centos de artigos que encherán os xornais e as revistas aquilo que sexa tópico e xa dito, do noso e orixinal”.

Escribín eu estas liñas aló polo mes de marzo, sen máis base obxectiva que a experiencia sobre bibliografía que me conferían os tres anos que levo traballando cun equipo para publica-lo libro *Rosalía de Castro. Documentación biográfica e bibliográfica crítica (1837-1984)*, e mailos artigos que, co gallo do Centenario, escomenzaban a verse nos xornais e revistas nos últimos meses de 1984 (centenario rosaliano tamén, este de *En las orillas del Sar*) e nos primeiros de 1985.

Pois ben, os cálculos que tiñamos feito quedaron curtos de abondo. Apenas nos puxemos a recolle-la bibliografía rosaliana de 1985, inda non temos feito (nin case principiado) o baleirado das revistas científicas, inda non vai máis que mediano o ano do Centenario, e xa temos recollido preto de douscentos traballos sobre Rosalía publicados dende primeiros de xaneiro ata finais de xullo, ó cal cómpre engadi-las nove ponencias e as cento trinta e cinco comunicacións presentadas ó Congreso de Rosalía. Neste intre, xa que logo, non teño un criterio fiabel para calcular, tan sequera de modo aproximado, o número de traballos que se van ocupar de

Rosalía no ano do Centenario. Iso sí, xa pode adiantar que a *Bibliografía rosaliana* que, coa axuda e incitamento de moita xente, imos publica-los profesores Ramón Baltar (Santiago), Aurora López (Granada) e mailo autor destas liñas, vai abra-  
nxer tres volumes, o primeiro de 1837 a 1962, o segundo de 1963 a 1984, o terceiro soamente co ano 1985. Pois ben, este último leva camiño de se-lo máis bultoso.

Alguén pode pensar que esaxero, que cómo é posible semellante acrecemento da bibliografía rosaliana. A resposta é doada: imos vendo que os xornais, tanto de carácter rexional coma nacional, adican homenaxes especiais a Rosalía: teño nas mans o excelente de *Diario 16* (14-VII-85), con traballos de José Angel Valente, Claudio Rodríguez Fer, María Zambrano, Violeta Castro, Julia Escobar, Arcadio López-Casanova, Eugénio de Andrade; vede tamén o de *La Voz de Galicia* (18-VII-85), co trascendental documento que é a carta mandada por Luis Tobío Fernández a Bouza-Brey o día 20 de agosto de 1923, na que fala sobre o pai de Rosalía, así como artigos importantes de Dionisio Gamallo Fierros, Angel López, Basilio Bernárdez, Mario Couceiro... E tantos outros suplementos en diversos xornais, dos que non podemos facer enumeración pormenorizada ata agora, nin ven a conto.

O mesmo acontece nas Revistas: aí está o núm. 2 de *Festa da Palabra Silenciada*, conmemorativo do Centenario de Rosalía e mormente adicado á nosa autora; o núm. 1 da revista *Espacios* (Lugo), con oito artigos de asunto rosaliano; o núm. 43 de *Encrucillada*, cun sumario enteiramente rosaliano, etc., etc.

E tamén, ¿como non?, os volumes conmemorativos: ás mans véñenme *Rosalía de Castro. Unha obra non asumida*<sup>1</sup>, con oito traballos adicados a Rosalía; o cartafol publicado polas Mulleres Nacionalistas Galegas do Bloque co título *Reinvindicamos a Rosalía primeira feminista da Nación Galega*; o libriño homenaxe *A Rosalía desde Granada*<sup>2</sup>, cunha antoloxía de poemas de Rosalía verquidos ás máis diversas línguas do mundo...

Como non podían faltar, tamén van saíndo edicións: interesante, por riba de todo pola intención dos editores e a utilidade prós investigadores, é a edición facsimilar da "prin-

ceps” de *Cantares gallegos* (Vigo, Compañel, 1863) publicada polo Concello de Vigo con motivo do Congreso de Rosalía<sup>3</sup>. Pouco aporta, por non dicir ren, a escolma de poemas de *Cantares* no libro *Rosalía para rapaces*, promovida pola Asociación Sócio-Pedagóxica Galega<sup>4</sup>: nós pensamos que o mellor modo de promover a lectura de Rosalía entre os mocíños consiste en darlles unha boa edición, das varias que xa tiñamos, porque esta é mala de abondo, ata na tipografía. Desconcerto, a mín polo menos, trae a edición de *Folhas novas* (sic), feita pola Associação Galega da Língua<sup>5</sup>: a mellor defensa do galego, penso eu, “nom fica no atrapalhamento da gente con grafías estrangeiras”. Ben preparada e interesante a *Antología poética* de Editorial Alhambra<sup>6</sup>, disposta por Arcadio López-Casanova...

En fin, tamén no centenario do seu pasamento Rosalía é, unha vez máis, tema literario. Continúan a saír poemas e ensaios literarios coa nosa autora coma protagonista; entre eles, hai que sobrancear, polo momento, a “Conversa con Rosalía”, en clave relixiosa, do párroco de S. Sadurniño don Ramón Díaz Raña<sup>7</sup>; a publicación do inédito de Ramón Otero Pedrayo, *Rosalía*<sup>8</sup>; o feiticeiro libro de poemas de Helena Villar Janeiro, “*Rosalía no espello*”, agarimosamente impreso polo Patronato Rosalía de Castro<sup>9</sup>.

¿Canto, de todo isto, e do que inda está por vir, ha ter transcendencia na historia do rosalianismo bibliográfico? Penso que case todo. A bibliografía dun Centenario presupon, invariablemente, unha morea de escritos de valía moi desemeillante; mais o fundamental é a lembranza, por se alguén non se tiña percatado, de que Rosalía está aí, segue viva entre nos. Un Centenario é un centenario; este, e do pasamento de Rosalía, é senlleiro na historia da literatura galega, da cultura galega, da fala galega, da historia mesma de Galicia; benvido seca, xa que logo, canto deste motivo se diga e se publique. Mais cómpre sulñar algúns aspectos.

En primeiro lugar, pois que estamos a falar de bibliografía, a variedade dos aspectos estudados no Congreso rosaliano. Penso que a publicación das *Actas* ha constituír un importantísimo paso adiante na comprensión da obra e do tempo de Rosalía. Non hai dúbida que ha se-lo máis importante libro sobre Rosalía ata agora publicado.

En segundo lugar, o avance no estudo dalgúns aspectos de Rosalía que non tiveran ata este intre o desenvolvemento que precisaban. Velaí un exemplo: a Rosalía feminista, que comenza a preocupar a un fado de estudiosos, mormente mulleres, aló por 1980, é un aspecto que ocupou algunhas comunicacións do Congreso, a máis dun crecido número de artigos en xornais e revistas.

En terceiro lugar (nunha orde fortuita que non significa ren) está o avance na análise dos componentes sociais da obra de Rosalía. Neste aspecto, nembargantes, hai que ter coidado coa manipulación da escritora, nun intre no que cumpriría tratar a Rosalía con obxectividade, sen manipulacións de ningunha clase.

E, non obstante disto, o que non semella que vaia trae-lo Centenario é esa boa e completa biografía de Rosalía que continúa a se botar en falta. Nin mesmo a publicación de tantos documentos rosalianos que andan por aí (por exemplo, os coñecidos de Bouza-Brey, e mais outros que todo o mundo sabe) e que non ten perdón de Deus que sigan sen facerse públicos. Nin, por riba de todo, a edición crítica do conxunto da obra de Rosalía, que ata agora ningún filólogo ten feito.

Para rematar, penso que o Centenario de Rosalía ten acadado unha cousa que era impensable hai dez anos: en xornais, revistas científicas, libros, atópase nosa escritora así, soamente como Rosalía, sen máis apelido. Rosalía, xa que logo, chámase cun só nome (neste caso, o propio), tal coma un Virxilio, un Dante, un Garcilaso, un Cervantes, un Shakespeare, un Goethe ou un Neruda. Iso quere dicir, simplemente, que a escritora galega Rosalía Castro de Murguía, morta en Padrón o 15 de xullo de 1885, tense convertido na poetisa universal ROSALÍA, ós cen anos do seu pasamento.

*Andrés Pociña*

#### NOTAS

1. Sada - A Coruña, Edicións Xistral, 1985. 150 páxs. Contén artigos de Ana Antónío Souto, Ricardo Carballo Calero, Miguel Anxo Fernán-Vello, María Pilar García Negro, Pilar Pallarés, Francisco Rodríguez, e máis unha escolma de poesías de Rosalía feita por María Teresa Navaza.

2. Granada, Editorial Bálano, 1985. 67 páxs. Contén poemas rosalianos de Federico García Lorca, Aurora López, Ignacio Llamas e Andrés Pociña, e unha escolma de poesías de Rosalía con versións inéditas ó árabe, bable, catalán, croata, esperanto, francés, grego, hebrero, holandés, inglés, islandés, italiano, xaponés, noruego, portugués, ruso, sueco, vasco e chino.

3. Edición facsimilar en símil pel de 2.000 exemplares numerados, reproducindo a edición "princeps" de Vigo, Establecemento Tipográfico de D. J. Compañel, 1863. 184 páxs. O facsímil foi imprentado por Artes Gráficas Galicia, Vigo, 1985.

4. Ourense, Galiza Editora, 1985. 71 páxs.

5. Rosalía de Castro, *Folhas Novas*, edición crítica de E. Souto Presedo, prólogo F. Salinas Portugal, ¿Coruña?. A.G.A.L., 1985. XLVIII + 266 páxs. dobles + Índice.

6. Madrid, Editorial Alhambra, 1985. 225 páxs. Contén un estudio preliminar, bibliografía fundamental comentada, cronoloxía, escolma de *Cantares*, *Follas*, *Orillas*, glosario, etc.

7. *Encrucillada* 9 (1985) 260-269.

8. Vigo, Editorial Galaxia, 1985. 228 páxs.

9. Santiago, Imprenta Paredes, 1985. 61 páxs. Leva un Prólogo de Andrés Torres Queiruga, e fermosas ilustracións de Quintana Martelo e Siro.

ALEXANDRO

